



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 12/2019, DO DIA 18
DE DECEMBRO DE 2019**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e trece minutos do mércores día 18 de decembro de 2019, previa convocatoria de sesión extraordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 13 do mesmo mes, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia do Alcalde-Pedáneo, D. Marcos Castro González, asistindo os seguintes vocais:

D ^a . Patricia Otero Carrera	PSdeG – PSOE
D ^a . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE

Non asiste o vocal D. Jose González Domínguez (do PSdeG – PSOE), ao permanecer en situación de Incapacidade Temporal.

Asiste á sesión en calidade de secretaria da Corporación D^a. Patricia Alvarellos Leis.

A continuación, procédese ao obxecto da sesión o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA:

1. **Actas anteriores:**
 - Núm. 11/2019, do 28 de novembro de 2019
2. **Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo interposto pola Secretaria-Interventora das facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2019 31**
3. **Aprobación Conta Xeral do 2017**

II. PARTE DE CONTROL:

4. **Relación de acordos adoptados contrarios a reparos efectuados e principais anomalías en materia de ingresos correspondentes ao exercicio 2017**
5. **Resolucións da alcaldía – pedanía**
6. **Rogos e preguntas**

Ábrese a sesión polo Sr. Alcalde Pedáneo á hora arriba indicada, indicando este que non se pode celebrar o pleno o último xoves do mes.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:



Entidade Local Menor de Bembrive

1. Actas anteriores:

- Núm. 11/2019, do 28 de novembro de 2019

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

2. Proposta da Alcaldía-Pedanía de levantamento de reparo suspensivo interposto pola Secretaria-Interventora das facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2019 31

Pola Presidencia dase conta da proposta da alcaldía pedanía de data 13.12.2019:

“En relación ao expediente de pagamento das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto 2019 31, emítese proposta en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. – Vista a necesidade de pagamento das facturas incluídas na relación de Xustificantes de Gasto 2019 31 por importe total de 23.572,85 €.

SEGUNDO. - Que o 12 de decembro de 2019 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora interpoñendo reparo suspensivo, entre outros motivos, por carecer de consignación orzamentaria a nivel de bolsa de vinculación 9.2.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-.

- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa -LXCA-

- RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Por elo, visto o informe da secretaria-interventora de data 12 de decembro de 2019 que obra no expediente, dispoño que pase este para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. – Levantar o reparo suspensivo da Secretaria-Interventora.

SEGUNDO. - Ordenar o pagamento das 33 facturas incluídas na Relación de Xustificantes de Gasto 2019 31 por un importe total de 23.572,85 €.



Entidade Local Menor de Bembrive

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime oportuno.”

.....

**- Informe da Secretaría Intervención do 12.12.2019:*

“ (...) Conclusións:

Polo exposto con anterioridade, conforme ao disposto nos arts. 215 e seguintes do TRLRFL e artigo 12.3.c) do RD 424/2017, de 28 de abril, fórmulase reparo suspensivo como consecuencia de:

- Carecer de consignación orzamentaria a nivel de vinculación xurídica (Área de Gasto/Capítulo) recollida na Base 6ª de Execución do Orzamento da ELM.*
- Carecer do informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato, así como da aprobación dos gastos ou certificacións de existencia de crédito, no caso dos contratos menores.*
- Non tramitarse o correspondente procedemento que a LCSP 9/2018, de 8 de novembro, esixe para a tramitación administrativa que exceda do umbral temporal da anualidade do contrato menor, a pesar de non superar os importes recollidos no artigo 118 LCSP, coa finalidade de garantir os requisitos de publicidade e os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan, no caso de prestacións de carácter periódico e repetitivo.*

Corresponde á Xunta Veciñal resolver a discrepancia de conformidade cos artigos 217.2.a) do TRLRFL e 15.2.a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.”

.....

Non se producen máis intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos catro membros presentes, acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

3. Aprobación Conta Xeral do 2017

O día 25 de abril de 2019, a proposta da Sra. Alcaldesa Pedánea, ditaminouse favorablemente pola Comisión Especial de Contas a Conta Xeral do exercicio 2017 que a continuación se transcribe literalmente:

“PRIMEIRO. Informar favorablemente a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2017, que quedou cumpridamente xustificada, e que está integrada polos seguintes documentos: o balance, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, o estado de liquidación do orzamento e a memoria.

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 12/2019, do 18.12.2019



Entidade Local Menor de Bembrive

SEGUNDO. Ordenar que a referida Conta, así como o propio informe emitido por esta Comisión, sean expostos ao público, por prazo de quince días, a fin de que durante dito prazo e oito máis, quen o estime oportuno poida presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, teñan por convinte, os cales, en caso de presentarse, serán examinados por esta Comisión, previa práctica de cantas comprobacións se estimen necesarias, para a emisión de novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formuladas, a consideración plenaria definitiva.

TERCEIRO. No caso de non presentarse reclamacións, reparos ou observacións, elevar informe favorable da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2017 á Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive para que proceda á aprobación da citada Conta nos termos e coa documentación que consta no expediente.

CUARTO. No caso de non presentarse reclamacións, reparos ou observacións, e a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2017 sea aprobada pola Xunta Veciñal desta Entidade, render a citada Conta ao Consello de Contas de Galicia dacordo co previsto no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas en relación cos artigos 212.5 e 223.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”

Exposto o citado documento ao público xunto cos documentos que a xustifican, e de conformidade co disposto no art. 212 do R.D.L. 2/2004, do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, formulouse por escrito unha reclamación dentro do prazo conferido a tal efecto, dende a publicación do anuncio no BOP o 23 de maio de 2019:

Data Entrada	Núm. Rexistro	Persoa que o subscribe
14/06/2019	214/2019	Carlos Comesaña Abalde

O 12/12/2019, a Comisión Especial de Contas adoptou o seguinte acordo:

“Dictamen a Conta Xeral do exercicio 2017 polo Alcalde-Pedáneo dase conta do expediente incoado para a aprobación da Conta Xeral no que se ten presentado a seguinte alegación:

1- De D. Carlos Comesaña Abalde, de data 14 de xuño de 2019

No expediente consta informe da Secretaria-Interventora da Entidade de data 21/08/2019.

A vista das reclamación presentadas e dos informes emitidos, a Comisión Especial de Contas con votos a favor de D. Marcos Castro González, Dona Patricia Otero Carrera e D. Manuel Costas Costas, acordouse informar favorablemente a Conta Xeral do exercicio 2017 elevandoa a Xunta Veciñal para a súa aprobación e posterior revisión no Consello de Contas.

.....

Pola Presidencia dase conta da proposta da alcaldía pedanía de data 12.12.2019:



Entidade Local Menor de Bembrive

“A Alcaldía-Pedanía en consonancia co dictame da Comisión Especial de Contas propón á Xunta Veciñal o seguinte acordo:

Visto o expediente de aprobación da Conta Xeral do ano 2017, o informe de Intervención, o dictame da comisión Especial de Contas de 12 de decembro coa desestimación parcial das alegacións e estimación parcial das mesmas despois do resultado de exposición pública da mesma onde se presentou unha alegación, o informe de Intervención ás mesmas, esta Alcaldía-Pedanía en consonancia co dictame da Comisión Especial de Contas somete á Xunta Veciñal á adopción do seguinte acordo.

PRIMEIRO.- Desestimar parcialmente ás alegacións presentadas e estimar parcialmente a creación da conta 413 “Acreedores pendentes de aplicar ao Orzamento”, xa comunicada á Intervención coa conformidade da Alcaldía-Pedanía.

SEGUNDO.- Aprobar a Conta Xeral do ano 2017, co resumo numérico e demais documentación que consta no expediente.

TERCEIRO.- Render a conta aprobada ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, de conformidade co desposto no artigo 223 do R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”

Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor (do Sr. Alcalde Pedáneo, e dos tres vocais do PSdeG-PSOE – Sres/as. Otero Carrera, Costas Costas e González Fernández -), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

II. PARTE DE CONTROL:

4. Relación de acordos adoptados contrarios a reparos efectuados e principais anomalías en materia de ingresos correspondentes ao exercicio 2017

Pola Presidencia dase conta do expediente de referencia, elaborado o 18.02.2019 pola Secretaría Intervención. A Xunta Veciñal queda enterada do asunto:

“Resolucións adoptadas pola Alcaldía-Pedanía da ELM de Bembrive contrarias aos reparos efectuados e principais anomalías detectadas en materia de ingresos.

O artigo 215 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) establece que “Si en el ejercicio de la función interventora el órgano interventor se manifestara en desacuerdo con el fondo o con la forma de los actos, documentos o expedientes examinados, deberá formular sus reparos por escrito antes de la adopción del acuerdo o resolución”.

Pola súa parte, o artigo 218 do citado texto legal establece, no seu apartado 1º, que:

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 12/2019, do 18.12.2019



Entidade Local Menor de Bembrive

“El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice. Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria. El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación”.

Resolucións contrarias aos reparos efectuados:

Para dar cumprimento ao disposto no citado precepto, elévase á Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive o presente informe a través do cal dase conta das seguintes resolucións adoptadas no ano 2017 polo Alcalde-Pedáneo contrarias aos reparos efectuados (adxúntase copia das mesmas).

Data do acordo ou resolución	Importe (€)	Causa do reparo	Modalidade do Gasto
27/01/2017	24.123,94 €	Incumprimento das normas sobre prioridade de pagos e non incorporación previa ao gasto do certificado ou existencia de crédito.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
16/02/2017	17.834,60 €	Incumprimento das normas sobre prioridade de pagos e non incorporación previa ao gasto do certificado ou existencia de crédito.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
07/02/2017	42.280,08 €	Reparo non suspensivo por incumprimento das normas sobre prioridade de pagos e non incorporación previa ao gasto do certificado ou existencia de crédito e reparo suspensivo por carecer de competencias en materia de tráfico e sinalización viaria.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
04/04/2017	6.354,07 €	Incumprimento das normas sobre prioridade de pagos e non incorporación previa ao gasto do certificado ou existencia de crédito.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
24/04/2017	2.248,30 €	Incumprimento das normas sobre prioridade de pagos.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
09/05/2017	14.964,27 €	Incumprimento das normas sobre prioridade de pagos e non incorporación previa ao gasto do certificado ou existencia de crédito.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
30/06/2017	5.541,72 €	Incumprimento das normas sobre prioridade de pagos e non incorporación previa ao gasto do certificado ou existencia de crédito.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos



Entidade Local Menor de Bembridge

28/07/2017	2.250 €	Reparo suspensivo por vicio de nulidade na convocatoria do pleno (por órgano incompetente) –Por erro, na resolución indicouse non suspensivo-	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
28/07/2017	9.085,08 €	Incumprimento das normas sobre prioridade de pagos e non incorporación previa ao gasto do certificado ou existencia de crédito.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
30/08/2017	8.652,75 €	Incumprimento das normas sobre prioridade de pagos e non incorporación previa ao gasto do certificado ou existencia de crédito.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
25/09/2017	710,56 €	Incumprimento das normas sobre prioridade de pagos e non incorporación previa ao gasto do certificado ou existencia de crédito.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
25/09/2017	710,56 €	Incumprimento das normas sobre prioridade de pagos e non incorporación previa ao gasto do certificado ou existencia de crédito.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
27/09/2017	8.631,15 €	Incumprimento das normas sobre prioridade de pagos e non incorporación previa ao gasto do certificado ou existencia de crédito.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
29/09/2017	22.484 €	Reparo non suspensivo por incumprimento das normas sobre prioridade de pagos e non incorporación previa ao gasto do certificado ou existencia de crédito e reparo suspensivo por vicio de nulidade pola situación de incompatibilidade do Alcalde debido a setenza xudicial de inhabilitación especial.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
04/10/2017	4.950 €	Reparo suspensivo por vicio de nulidade pola situación de incompatibilidade do Alcalde debido a setenza xudicial de inhabilitación especial.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos
23/10/2017	5.972,05 €	Incumprimento das normas sobre prioridade de pagos e non incorporación previa ao gasto do certificado ou existencia de crédito.	Determinados procedementos de execución do presuposto de gastos

”

“Anomalías detectadas en materia de ingresos:

En materia de ingresos, ao non ter a Entidad Local Menor de Bembridge aprobadas Ordenanzas Fiscales reguladoras dos tributos (fundamentalmente tasas por ocupación privativa do dominio público nin por prestación de servizos), calesquera ingresos que perciba esta Entidade Local Menor de terceiros carecen de carácter coactivo e obrigatorio

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 12/2019, do 18.12.2019



Entidade Local Menor de Bembrive

propio dos ingresos de natureza tributaria, razón pola que a Entidade carece das prerrogativas establecidas legalmente para a facenda do Estado, fundamentalmente a potestade de utilizar a vía de apremio para o seu cobro, en defecto de pago voluntario. Por tal motivo, estos ingresos non constitúen contraprestación algunha de servizo prestado pola Entidade, razón pola que a súa natureza responde máis propiamente a ingresos correspondentes ao Capítulo 47 (Transferencias correntes de empresas privadas) e 48 (Transferencias correntes de familias e Institucións sin fins de lucro), dacordo cos códigos da clasificación económica dos ingresos establecidos pola Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das Entidades Locais, que definen os ingresos do capítulo IV como aqueles “ingresos de natureza non tributaria, percibidos polas Entidades Locais sin contraprestación directa por parte das mesmas, destinados a financiar operacións correntes”.

Por outra parte, deixase constancia das anomalías detectadas pola anterior Secretaria-Interventora (actualmente en situación de excedencia por coidado de familiares), xa que non consta que as mesmas foran subsanadas ao largo do exercicio 2017. Así nos sucesivos informes emitidos para dar cumprimento ao establecido no artigo 218 do TRLRFL, facíase constar a existencia das seguintes anomalías en materia de ingresos:

Número de orde	Anomalía detectada
1	Non se executou nin se está cobrando o canon anual de 3.000 € ao Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo aprobado pola Xunta Veciñal en sesión do 13 de xuño de 2012 sobre cesión do uso de 3,2500 Has. Do monte “SAN CIBRÁN, ARADAS E OUTROS”.
2	Non existe constancia de que se están cumprindo as condicións acordadas pola Xunta Veciñal en sesión do 13 de xullo de 2013 sobre o arrendamento a D ^a . María del Carmen Romero Núñez da caseta e instalacións do parque forestal de Bembrive, relativos á realización de certas obras.
3	Existen numerosas ocupacións ilegais de parcelas dos montes de esta Entidade, según consta no Inventario de bens e outra documentación, que requirirían a súa reivindicación administrativa ou xudicial.
4	Debería regularse o aproveitamento dos montes pola veciñanza da parroquia para asegurar que sexa conforme ao disposto na normativa sobre montes comunais. Tense constancia da percepción de determinados ingresos arbitrarios por aproveitamentos de madeira a particulares sin contar con regulación algunha.
5	Descoñécese se se recibiu a totalidade do anticipo entregado á Mancomunidade de Montes de Vigo para un Plan de Emprego, por 20.000 € aprobada por resolución do Sr. Alcalde-Pedáneo do 25 de outubro do 2013.
6	Non existe método apropiado para a percepción das aportacións de veciños e feirantes para as Festas tradicionais de San Blas e de Santiago. Algunhas destas achegas se compensan coa entrega de caixas de sidra, sen que exista correspondencia comprobada entre as referidas achegas económicas e as caixas de sidra compradas.
7	Tense constancia da percepción de determinados ingresos de distinta contía dos usuarios da “Iudotecas de verán” esixidos pola Alcaldía-Pedanía sen regulación algunha e, polo tanto, sen control nin fiscalización.
8	Tívoase acceso á publicidade da “XIX Festa da sidra do 2017” na que se levou a cabo a venta de numerosas caixas de sidra sin control por parte de Intervención debido a que se esixe o previo pago das mesmas nunha conta bancaria que non é de titularidade desta Entidade (informe de Intervención de data 12/9/2017).



Entidade Local Menor de Bembridge

9	<i>Percíbense determinados ingresos dos titulares dos postos da feira que se celebra todos os mércores en Bembridge establecidos pola Alcaldía-Pedanía sen contar coa regulación algunha.</i>
---	---

5. Resolúcións da alcaldía – pedanía

Polo Sr. Alcalde Pedáneo dase conta da relación das resolucións dictadas por esta Alcaldía dende a convocatoria da sesión do 28.11.2019 ata a desta, e que estiveron á disposición dos Sres. Vogais dende a convocatoria desta sesión:

108 22/11/2019 Decreto de aprobación dos gastos para a “XXII CERTAME DE RONDALLAS” que se cuantifican nun total de 1.777,05 €.

109 29/11/2019 Recoñecemento da obriga de gasto e ordenación do pago das nóminas dos traballadores desta Entidade correspondentes ao mes de novembro por 6.120,81 € (importe neto)

110 29/11/2019 Recoñecemento da obriga de gasto e ordenación do pago das nóminas dos membros da Xunta Veciñal desta Entidade correspondentes ao mes de novembro por 2.108,54 € (importe neto)

111 10/12/2019 Convocatoria á sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas o venres 13 de decembro de 2019 ás 12 horas para o dictame da Conta Xeral do exercicio 2017 (alegacións)

112 13/12/2019 Convocatoria de sesión extraordinaria da Xunta Veciñal para o 18/12/2019 (6 asuntos).

6. Rogos e preguntas

Non se formulan.

E non tendo outros asuntos a tratar, o Alcalde-Pedáneo levanta a sesión sendo as 20.20 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. do Alcalde Pedáneo

A Secretaria Interventora,

Asdo. Marcos Castro González

Asdo. Patricia Alvarellos Leis